

CAMILA SALDRÁ ESTA NOCHE

952

Inés María Barrionuevo, 2021

ESTREA EN NUMAX: 24.06.2022 | V.O. | +12 | 100 min.

Cando a súa avoa enferma gravemente, Camila vese obrigada a trasladarse a Buenos Aires e deixar atrás ás súas amizades. O cambio dun instituto público liberal por unha institución privada tradicional non fará máis que aumentar o temperamento prematuro pero feroz de Camila. Mentres lidia coas turbulencias propias da adolescencia, descobre os seus sentimentos por Clara, unha compañeira de clase cun segredo.

Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero.



«Un cinema elíptico que bracea
determinado entre climas,
sensacións e estados de ánimo»

Luis Martínez, EL MUNDO



Ao compromiso polo íntimo

Por Fernando Bernal

Inés Barrionuevo regresa con *Camila saldrá esta noche* á temática que desenvolveu na súa opera prima, *Atlántida* (2014), unha historia ambientada nunha pequena vila da provincia argentina de Córdoba, de onde é natural a cineasta, que narraba o despertar sexual de dúas irmás durante un verán. En *Camila...*, o seu cuarto filme, que foi a concurso na Sección Oficial de San Sebastián, a directora volve contar cunha adolescente como principal protagonista, pero ao estudo da melancolía e os medos propios deste período vital convulso e excitante súmase unha determinante carga de reivindicacións do empoderamento feminino. Así se constrúe unha obra que artella un discurso político desde o ámbito da intimidade.

A protagonista do filme, Camila (Nina Dziembrowski, un verdadeiro descubrimento), ten 17 anos e está a piques de rematar os seus estudos cando se muda xunto á súa nai e a súa irmá pequena desde La Plata, onde vive seu pai, á casa da súa avoa, que está ingresada grave nun hospital de Bos Aires. O cambio de vida implica deixar atrás os seus amigos, enfrontarse a unha gran cidade e un novo colexio. Ao igual que no seu anterior filme, *Julia y el zorro* (2018), que se puido ver na sección Nuevos Directores do festival, asistimos en *Camila...* a un importante proceso de transformación persoal. Unha odisea existencial que se abre en clave contemplativa, case melancólica, pero que axiña vai deixando pegadas de que, xunto ao compoñente iniciático do tránsito á madurez, o filme vai encarar outras cuestións que preocupan ás mozas en Arxentina e moitos outros países do mundo. Nunha das primeiras secuencias, Camila acode a unha entrevista co director do novo colexio e este, ao ver o pano verde que pendura da bolsa, advírtelle que alí iso non está ben visto. É dicir, que a protesta pola demanda dunha lei do aborto non ten acubillo nunha institución católica. É un detalle mínimo que contén unha forte carga simbólica e avanza algúns desenvolvementos temáticos do filme.

Apoiada no labor de fotografía de Constanza Sandoval, Barrionuevo capta o cotián da súa protagonista dunha maneira sinxela, achegándose ao seu rostro e retratando uns silencios que transmiten desconcerto, tedio e dor pola perda da súa vida pasada. Camila ten un par de relacións sentimentais paralelas pero non se ata a ningún compromiso porque se guía polos seus desexos en cada intre. Ademais, está a convivencia coa súa nai, unha muller doutra xeración que respecta o compromiso político da súa filla ("se non fora a túa nai daríame envexa"), pero que acabou resignándose a unha existencia que lle veu dada.

A directora capta a esencia dunha nova xeración que prefire o trap e o reageton ao rock. Un retrato xeracional que non resulta impostado nin típico e que non pretende en ningún caso ser moralizante. Devén simplemente un contexto perfecto para contar unha historia de relacións persoais (en especial familiares) na que resoan os ecos de temas que interesan á xuventude: a loita feminista, a xusta criminalización dos abusos sexuais, o dereito a decidir sobre o propio corpo ou a protesta fronte a intolerancia. Temas que cobran forma nun filme que podería ser un relato máis de *coming of age* pero que demostra unha valente maneira de presentar o compromiso desde o relato íntimo.